Informe de acción de coordinación da titulación de Grao en Ciencias do Mar 2019-2020

Índice

I. Información xeral 2

II. Coordinación 2

III. Accións de coordinación 2

IV. Conclusións 6

V. Anexos 6

I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Grao en Ciencias do Mar
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Ciencias do Mar
Curso	2019-20

II. COORDINACIÓN

Coordinadora da titulación	Irene Alejo Flores
Reunión	

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

Descrición dá actividade de coordinación do Grao

Como en cursos anteriores, mantivéronse as accións coordinadas de mantemento e reforzo das actividades xa desenvolvidas durante os cursos anteriores, así como a solución de aspectos xurdidos do día a día e en contacto constante cos coordinadores de curso, o equipo decanal e os representantes da delegación de estudantes.

Con todo, o máis relevante e condicionante deste curso académico foi a supresión da actividade docente presencial na Universidade ó 19 de marzo debido á pandemia COVID19, o que levou a un período de coordinación continua entre os coordinadores de curso e o equipo decanal para reestruturar e adecuar ao modo "virtual" todas as actividades docentes, así como solucionar os problemas que ían xurdindo por esa situación tan complexa e imprevista.

Control das guías docentes realizadas polo profesorado: este labor foi realizada para o curso 2019-2020 académico durante o mes de xuño de 2019, en coordinación cos profesores responsables de cada materia e os coordinadores de curso. Comprobouse a edición nos tres idiomas (galego, castelán e inglés) de todas as guías docentes (o inglés introduciuse no curso anterior), desenvolveuse e depurou a información relacionada coa bibliografía e melloras na definición dos tipos de exame e as súas valoracións acordes ás modificacións solicitadas polo reitorado. Hai que mencionar que neste curso académico implantouse a nova modificación do grao en 1º e 2º curso, de maneira que para ambos cursos publicáronse as guías docentes de ambos os plans (novo e antigo). Respecto ás modificacións nas materias, este cambio só afectou ás seguintes:

- Xeoloxía II (1º cuatrimestre, 1º curso) pasou a denominarse Xeoloxía I (sen cambio nos contidos).

- Xeoloxía I (2º cuatrimestre, 1º curso) pasou a denominarse Xeoloxía II (sen cambio nos contidos).
- Física II pasou a 2º curso e Estatística a 1º curso.

Así e todo a partir do 19 de marzo e ata finais de abril, coa obrigada adaptación a docencia virtual, comeza un período de comunicación e reunións continuas para a realización, e posterior publicación, de anexos de modificación das guías docentes seguindo as directrices que ía marcando o reitorado e a ACSUG, reflexando os seguintes puntos:

- Adaptación das actividades docentes a situación "virtual" (clases maxistrais, prácticas, seminarios e saídas de campo).
- Modificación do peso das distintas actividades cara a avaliación da materia, incluíndo o exame final da mesma.
- Canles para a realización das titorías có alumnado.

Participación na coordinación de actividades e horarios para o curso académico 2019-2020: seguindo o exemplo do curso anterior e co obxecto de emendar incidencias de cursos previos, no mes de xuño simultaneamente ao calendario docente decidiuse incluír e publicar un calendario de entrega de traballos dos alumnos, onde quedan reflectidas as datas para entrega das súas memorias de seminarios e prácticas, así como as correspondentes a exames parciais que existen en varias materias. Respecto a este último punto, recomendouse un ano máis a todo o profesorado que na medida do posible non se realizasen exames parciais xa que se detectou que provocan ausencia do alumnado noutras materias coincidindo coas devanditas datas. Con todo, profesores dalgunhas materias insistiron na importancia de mantelos, considerando o resultado académico. O feito de que aparezan no calendario xa desde o inicio do curso resultou ser unha medida positiva para a organización do alumnado. Con todo, tal e como se extrae das reunións de coordinación por curso, aínda se percebe que a introdución destas probas parciais nalgunhas materias orixina alteracións no conxunto do curso.

Así e todo, a partir do 19 de marzo, decidiuse que todas as actividades docentes pasasen a modo virtual mantendo o calendario xa aprobado pola Xunta de Facultade. Unha vez que as aulas virtuais estiveron operativas, o control das mesmas foi levado pola coordinadora de Grao ata o inicio do mes de agosto. A actividade docente non presencial mantívose ata a finalización do curso académico, incluíndo por tanto tamén a todos os exames.

3.1. Reunións

Todas as reunións son non presencias. A coordinadora de Grao participa, sempre que é posible, nas reunións de coordinación de cada curso.

19 de marzo de 2020

Reunión de coordinación có equipo decanal, coordinadores de curso e coordinadora de master.

- MOTIVO:

1. Analizar como afrontar o peche da actividade non-presencial na Universidade para continuar coa docencia.
2. Analizar as resolucións da Universidade.
3. Organizar a docencia virtual.

Decídese manter todas as actividades docentes previstas segundo calendario docente, polo que se solicita a todos os coordinadores de materias con docencia durante ese período que adapten todas as actividades á situación non-presencial. Para iso utilizaranse as ferramentas que a Universidade poñerá a disposición ou, na súa falta, as vías que cada profesor considere máis oportunas. Cada coordinador de curso ocúpase da coordinación directa e recompilación de posibles incidencias de cada curso respectivo. A coordinadora de grao ocúpase de comunicarse coas materias optativas e de levar o control da ocupación das aulas virtuais.

En diante e ata o fin do curso académico a comunicación deste grupo mantense fluída por correo electrónico e reunións virtuais co obxecto de analizar incidencias e realizar as sucesivas adaptacións marcadas polas directrices que ía enviando o reitorado.

2 de abril de 2020

Reunión coa delegación de estudantes e o decano.

- MOTIVO:
    1. Análises das incidencias reportadas ao decanato por parte do alumnado.
    2. Análises das inquietudes xerais do alumnado.

Analízase cada caso e establécese unha comunicación co profesorado implicado para emendar os problemas. Comunícase que o decanato pon a disposición os portátiles dispoñibles para aqueles alumnos que o necesiten para seguir a docencia non presencial. Comunícase tamén as medidas que o reitorado tomou para solucionar os problemas de conexión de rede para aqueles alumnos con problemas.

Acórdase manter outra reunión o 13 de abril ás 20:00 h.

A partir desa data, o decano propón que se manteñan estas reunións semanais coa delegación de alumnos, ás que tamén asisten, segundo dispoñibilidade, o coordinador de calidade, resto de equipo decanal e os coordinadores de curso.

6 de abril de 2020

Reunión convocada conxuntamente co coordinador de 4º curso cos profesores responsables das materias optativas.

- MOTIVO: Reunión de los coordinadores de curso, representantes de alumnos, decano y coordinador de calidad.
    1. Análises do desenvolvemento da docencia non presencial.
    2. Información dos requirimentos de ACSUG (anexos de modificacións das guías docentes).
    3. Información sobre as recomendacións do Decanato, remitidas polo Vicerreitorado de Organización Académica e Profesorado.
    4. Información sobre o uso das aulas virtuais.

Cada profesor indicou os métodos de docencia que se estaban empregando en cada materia desde o peche do Centro, así como as canles para realizar as tutorias co alumnado.

Pediuse a todos os coordinadores que antes do 13 de abril enviasen os anexos de modificación das guías docentes seguindo o modelo enviado polo decanato o 30 de marzo seguindo as directrices do reitorado.

Con todo posteriormente, cando se tomou a decisión de que a non presencialidade manteríase ata a finalización do curso académico, houbo que realizar novas adaptacións do anexo de modificación das guías docentes.

Ese mesmo día realízanse reunións virtuais de coordinación de 2º e 1º. Por problemas de conexión do coordinador de 3º curso a acción realízase mediante correo electrónico.

10 de decembro de 2020

Reunión de coordinación cos coordinadores de curso

- MOTIVO:
    1. Análise e valoración dos resultados do curso 2019-2020
    2. Valoración dos resultados asociados á implantación de actividades non presenciais durante o 2º cuatrimestre.
    3. Análise das posibles incidencias detectadas por curso.

En resumo, obsérvase unha mellora nos resultados académicos deste curso asociados á docencia non presencial, especialmente marcada nas materias do segundo cuadrimestre, cuxa docencia foi a máis afectada. Isto cremos que pode estar relacionado cos cambios que o profesorado realizou en cada materia para facilitar ao alumnado a superación das mesmas, entre outras cousas a diminución do peso do exame final no cómputo da materia, aumentando o peso da valoración de traballos, prácticas e seminarios, seguindo as recomendacións marcadas polo rectorado.
No primeiro cuadrimestre esta situación só afectou aos exames da segunda oportunidade, realizados de forma non presencial.
Excepcións a esta tendencia de mellora atopámolas na materia de Fisioloxía de organismos mariños (3º curso, 2º cuadrimestre) e na materia optativa de prácticas de empresa. No primeiro caso estase analizado cos profesores implicados estes resultados. No segundo caso, estes resultados son un reflexo da imposibilidade de realizar as prácticas previstas debido á pandemia.
En canto ao TFG, os datos mostran que son moitos os alumnos que se matriculan pero é moi baixo o número dos que se presentan o traballo, xa que para iso han de ter superadas todas as materias. Con todo, cando o fan todos superan a materia, tal e como queda reflectido na taxa de éxito.

IV. CONCLUSIÓNS

Resultados académicos

Na seguinte táboa preséntase un resumo dos datos académicos de curso 2018/2019, incluíndose os indicadores de taxas de rendemento, éxito e avaliación da titulación para o curso 2018-2019.

Estes datos foron extraídos dos informes dos coordinadores de curso, así como da secretaría de alumnos naqueles casos (puntuais) nos que os coordinadores de materias non achegaron a información requirida no seu día polos coordinadores de curso.

Titulación: GRAO EN CIENCIAS DO MAR Asignatura		Curso académico	curso/cuatrimestre	nº de créditos matriculados	nº de créditos presentados	nº de créditos superados	% éxito	% rendemento	% avaliación
G061V01101	Bioloxía I	2019/20	1º/1C	600	552	480	87%	80%	92%
G061V01106	Bioloxía II	2019/20	1º/2C	486	426	396	93%	81%	88%
G061V01102	Física I	2019/20	1º/1C	564	486	372	77%	66%	86%
G061V01203	Física II	2019/20	2º/1C	198	162	150	93%	76%	82%
G061V01103	Xeoloxía I	2019/20	1º/1C	498	456	432	95%	87%	92%
G061V01108	Xeoloxía II	2019/20	1º/2C	486	408	402	99%	83%	84%
G061V01104	Matemáticas I	2019/20	1º/1C	540	462	396	86%	73%	86%
G061V01109	Matemáticas II	2019/20	1º/2C	654	528	354	67%	54%	81%
G061V01105	Química I	2019/20	1º/1C	618	570	408	72%	66%	92%
G061V01110	Química II	2019/20	1º/2C	516	432	378	88%	73%	84%
G061V01107 G060V01303	Estatística	2019/20	1º/2C	708	558	474	85%	67%	79%
G061V01201 G060VO1301	Bioquímica	2019/20	2º/1C	312	294	264	90%	85%	94%
G061V01202 G060V01302	Botánica mariña	2019/20	2º/1C	324	312	270	87%	83%	96%
G061V01206 G060V01401	Ecoloxía mariña	2019/20	2º/2C	432	390	354	91%	82%	90%
G061V01208 G060V01404	Principios de microbiología marina	2019/20	2º/2C	486	426	384	90%	79%	88%

G061V01205 G060V01305	Sedimentoloxía marina	2019/20	2º/1C	342	270	204	76%	60%	79%
G061V01207 G060V01402	Medios sedimentarios costeiros e mariños	2019/20	2º/2C	354	306	228	75%	64%	86%
G061V01204 G060V01304	Oceanografía quimica I	2019/20	2º/1C	456	426	318	75%	70%	93%
G061V01209 G060V01403	Oceanografía quimica II	2019/20	2º/2C	414	408	342	84%	83%	99%
G060V01405 G60V01405	Zooloxía mariña	2019/20	2º/2C	414	402	390	97%	94%	97%
G060V01501	Fisioloxía de organismos marinos	2019/20	3º/1C	264	252	150	60%	57%	95%
G060V01505	Química aplicada ao medio mariño I	2019/20	3º/1C	246	246	222	90%	90%	100%
G060V01604	Química aplicada ao medio mariño II	2019/20	3º/2C	282	276	222	80%	79%	98%
G060V01504	Oceanografía xeolóxica I	2019/20	3º/1C	246	234	216	92%	88%	95%
G060V01603	Oceanografía xeolóxica II	2019/20	3º/2C	234	216	216	100%	92%	92%
G060V01502	Oceanografía biolóxica I	2019/20	3º/1C	228	210	198	94%	87%	92%
G060V01601	Oceanografía biolóxica II	2019/20	3º/2C	294	276	246	89%	84%	94%
G060V01503	Oceanografía física I	2019/20	3º/1C	384	372	180	48%	47%	97%
G060V01602	Oceanografía física II	2019/20	3º/2C	300	282	228	81%	76%	94%
G060V01702	Dinámica oceánica	2019/20	4º/1C	228	168	138	82%	61%	74%
G060V01703	Pesqueiras	2019/20	4º/1C	270	216	96	44%	36%	80%
G060V01801	Acuicultura	2019/20	4º/2C	150	138	138	100%	92%	92%
G060V01905	Modelización	2019/20	3º y 4º 2C	24	18	18	100%	75%	75%

G060V01902	Bioloxía de peixes e mariscos	2019/20	3º y 4º 2C	114	102	102	100%	89%	89%
G060V01907	Recursos xenéticos marinos	2019/20	3º y 4º 2C	54	54	54	100%	100%	100%
G060V01906	Parasitoloxía e microbioloxxía mariña	2019/20	3º y 4º 2C	84	84	84	100%	100%	100%
G060V01704	Xestión mariña e litoral	2019/20	4º/1C	168	156	156	100%	93%	93%
G060V01701	Contaminación mariña	2019/20	4º/1C	156	132	132	100%	85%	85%
G060V01903	Economía e e lexislación	2019/20	3º y 4º 2C	108	96	96	100%	89%	89%
G060V01909	Xeoloxía mariña aplicada	2019/20	3º y 4º 2C	174	150	150	100%	86%	86%
G060V01901	Análise de concas	2019/20	3º y 4º 2C	66	60	60	100%	91%	91%
G060V01904	Métodos en análise xeográfica	2019/20	3º y 4º 2C	24	18	18	100%	75%	75%
G060V01908	Teledetección oceanográfica	2019/20	3º y 4º 2C	42	36	36	100%	86%	86%
G060V01318	Prácticas externas	2019/20	3º y 4º	90	30	30	100%	33%	33%
G060v01991	Traballo de Fin de Grao	2019/20	4º	972	360	360	100%	37%	37%
				nº de créditos matriculados	nº de créditos presentados	nº de créditos superados	% éxito	% rendemento	% avaliación

A continuación, móstranse os gráficos correspondentes ás taxas de rendemento, éxito e avaliación da titulación de forma conxunta con cursos pasados co obxecto de observar a tendencia. Para as taxas de rendemento e éxito indícanse os obxectivos para alcanzar expostos na memoria do grao.

Agrupáronse por curso e de forma independente o TFG, polo seu casuística particular non comparable co resto de materias do grao.

1º CURSO (Plan nuevo)

Cambios respecto al Plan viejo:
- Xeoloxía II (1º C) pasa a ser Xeoloxía I
- Xeoloxía I (2º C) pasa a ser Xeoloxía II
- Física II pasa a 2º curso y Estadística pasa a 1º curso

Tasa de rendimiento (nº créditos superados/nº créditos matriculados)



Tasa de éxito (nº créditos superados/nº créditos presentados)



Tasa de evaluación (nº créditos presentados/nº créditos matriculados)



2º CURSO (Plan nuevo)

Cambios respecto al Plan viejo:
- Física II pasa a 2º curso y Estadística pasa a 1º curso

Tasa de rendimiento (nº créditos superados/nº créditos matriculados)





70 %, objetivo en memoria grado nueva (antes 65%)

Tasa de éxito (nº créditos superados/nº créditos presentados)





75 %, objetivo en memoria grado nueva (antes 80%)

Tasa de evaluación (nº créditos presentados/nº créditos matriculados)





3º CURSO (Plan viejo)

Tasa de rendimiento (nº créditos superados/nº créditos matriculados)





65 %, objetivo en memoria Plan antiguo del Grado

Tasa de éxito (nº créditos superados/nº créditos presentados)





80 %, objetivo en memoria Plan antiguo del Grado

Tasa de evaluación (nº créditos presentados/nº créditos matriculados)





4º CURSO (Plan viejo)

Tasa de rendimiento (nº créditos superados/nº créditos matriculados)





70 %, objetivo en memoria grado nueva (65 % en Plan antiguo)

Tasa de éxito (nº créditos superados/nº créditos presentados)



75 %, objetivo en memoria grado nueva (80 % en Plan antiguo)

Tasa de evaluación (nº créditos presentados/nº créditos matriculados)

Tasa de rendimiento (nº créditos superados/nº créditos matriculados)

Tasa de éxito (nº créditos superados/nº créditos presentados)

Tasa de evaluación (nº créditos presentados/nº créditos matriculados)

V. ANEXOS

- Informes de los coordinadores de curso